



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2022/C004/000010

Ref.: SLR

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SERVIZOS “MÓVETE POR AS PONTES 2022 -2023”

ANTECEDENTES DE FEITO

- En data 08/04/2022, emítase informe da necesidade de prestación do servizo.
- O PPT é de data 08/04/2022.
- O estudo económico do servizo presentouse en data 13/04/2022 (RE núm. 202299900000993) A data de sinatura é 13/04/2022.
- Elaborouse o PCAP en data abril de 2022. Asíñase en data 21/04/2022. Articulouse o obxecto do contrato en tres lotes: deseño gráfico; imprenta; e decoración dos establecementos. A duración é de un ano prorrogable un ano. A CPV do lote 1, Deseño gráfico, é 79822500-7; a CPV do lote 2, imprenta, é 79823000-9; a CPV do lote 3, decoración dos establecementos, é 79931000-9 (principal) 45451000-3.
- Con data 22/04/2022 a secretaria municipal emite informe xurídico favorable ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente.
- O informe de fiscalización da intervención municipal núm. 169/2022 é de data 03/05/2022; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente.

FUNDAMENTOS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159.6 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentarios e o Decreto nº 993/2019, de 24 de xuño, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º c), que designa a Vicente Roca Uceira, como concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura, correspondéndolle, entre outras atribucións, a de aprobar os expedientes de contratación de servizos para ser tramitados a través do procedemento aberto súper simplificado.

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do contrato de servizos “Móvete por As Pontes 2022-2023”. O expediente tramitarase mediante procedemento aberto súper simplificado.
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.
- 3º) Autorizar crédito por importe de 42 882,40€ (21 441,20€/ano) con cargo á partida orzamentaria 4311.22614

As Pontes de García Rodríguez, 03 de maio de 2022

O concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura

Vicente Roca Uceira